TURISMO
AS SOMOZAS

Capela de San Roque do Camiño



Parroquia:

Recemel (Santa María)

Lugar:

A Igrexa

Posición:

43º 30' 11.0" N
7º 56' 30.9" W

Trátase dun edificio de estilo ecléctico composto por unha nave rectangular e un pequeno corpo traseiro. Sobre os muros de carga apóiase unha cuberta a dúas augas teitada de laxas de lousa, que se converte en tres no engadido da parte posterior.

O exterior do templo é rechamante por varias circunstancias, a maioría centradas na súa fachada. En primeiro lugar, a forma do tellado móstrase no perfil superior da mesma, resolta nunha cornixa con molduras que se sobreeleva en ángulo recto nos extremos inferiores para superar o nivel do beirado, aumentando así de maneira aparente o volume da igrexa, o cal se ve aínda máis realzado polo uso de dous grandes pináculos. O encalado das paredes deixa libres os esquinais, que mostran bos perpiaños finamente dispostos. Na parte baixa ábrense tres grandes vans terminados en arcos apuntados, sendo o central maior para acoller a porta principal do cenobio. Sobre ela sitúase unha fornela que acolle unha imaxe de pedra de San Roque na súa aparencia característica. A espadana do campanario reproduce a forma da mediante un oco apuntado e cornixa con molduras acompañada de pináculos, todo iso, ao igual que a pedra á vista de todo o templo, na preciosa serpentinita xaspeada da comarca. No oco traseiro hai unha curiosa fonte cun arco que lembra ao estilo flamíxero e na que o santo se dispón sobre unha cabeza de trazos orientais por cuxa boca sae a auga. Nos muros tamén hai ocos de grandes dimensións que, coa súa cristalería de cores, achegan unha iluminación especial no interior.

Dentro, a ornamentación é escasa, sendo necesario centrar a atención no altar maior, que é de madeira e presenta no súa parte central unha imaxe da Virxe, mentres nos laterais atópanse as figuras de San Xosé e do patrón da capela, popularmente coñecido como San Roquiño do Camiño. Entre o presbiterio e a nave interponse un arco apuntado apoiado en pilastras sobre o que se debuxa unha estrutura abovedada a base de listóns de madeira.